



6º educación primaria

Día das letras galegas 2021

XELA ARIAS

Xela Arias Castaña naceu o 4 de marzo de 1962 en Sarria (Lugo) onde seu pai era mestre de primaria. Era a primoxénita de Valentín e Amparo.

Foi inscrita co nome de María de los Ángeles, xa que daquela non se podían poñer nomes galegos. En 1984 consegue que lle recoñezan o dereito a chamarse Xela, tal como a coñecían todos.

Estudou infantil e primaria no Colexio Fingoi, de Lugo e no de Sárdoma-Moledo, en Vigo e os estudos de secundaria no IES Castelao, tamén de Vigo, cidade na que fora destinado seu pai.

Co conto *A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopárdica* gañou o VI Concurso de contos Infantís de O Facho da Coruña.


Foi poeta, tradutora e profesora de Lingua e Literatura Castelá en secundaria.

A súa obra poética está recollida, principalmente en *Denuncia do equilibrio, Tigres como cabalos, Intempériome e Darío a diario*, dedicado ao seu fillo. Foi tradutora ao galego de obras en portugués, italiano, inglés, castelán, francés... como *As bruxas*, de Roald Dahl, *Contos ao Teléfono*, de Rodari, *O Gato Gaiado...*, de Jorge Amado,...

En 1986 ingresou na Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Faleceu na cidade de Vigo o 1º de novembro de 2003, aos 41 anos.

Polo seu traballo a prol do idioma galego e a nosa cultura a Real Academia dedícalle o Día das Letras de 2021.



XELA ARIAS



As bruxas, de Roald Dahl, foi traducida ao galego por Xela Arias e Lidia Iglesias.

ACTIVIDADES BIOGRAFÍA

1. Verdadeiro ou falso? Xustifica a túa resposta:

Xela Arias é a filla primoxénita de Amparo e Valentín: **V / F**

- _____

Xela estudou secundaria na mesma provincia que naceu. **V / F**

- _____

A María de los Ángeles foille concedido o dereito a chamarse Xela aos 32 anos. **V / F**

- _____

Xela foi unha muller polifacética. **V / F**

- _____

Xela foi galardoada na quinta edición do Concurso de contos Infantís de O Facho da Coruña. **V / F**

- _____

Xela era políglota. **V / F**

- _____

Ingresou na AELG aos 26 anos. **V / F**

- _____

Traduciu a escritores de diferentes nacionalidades: británica, italiana, brasileira... entre outras **V / F**

- _____

2. Xela traduciú obras de diferentes linguas, entre elas o portugués. Atopa na sopa de letras oito países nos que se fala dito idioma. Cinco deles están en África, un en Asia, outro en Suramérica e o último en Europa. Ordénaos.



MOZAMBIQUE PORTUGAL TIMOR ORIENTAL
 GINEA BISSAU CABO VERDE ANGOLA BRASIL
 SANTO TOMÉ E PRÍNCIPE

ÁFRICA:

ASIA:

SURAMÉRICA:

EUROPA:





3. Xela conseguiu o dereito a chamarse así en 1984, xa que houbo un tempo no que os galegos e galegas non podían elixir nomes galegos. Saberás colorear as parellas do nome galego e castelán da mesma cor?

LÚA XOÁN BLAS LUNA BRAIS
 ISABEL SABELA XOANA UXÍA XURXO
 JUANA JORGE ÁNGEL JUAN EUGENIA ANXO



4. Xela falaba varios idiomas. Podes atopar os títulos dalgúns dos libros que traduciu Xela ao galego? Colorea o borde segundo o idioma:

verde ► portugués
 azul ► inglés
 vermello ► italiano



5. Imaxina que ti es Xela con once anos, cando gañou o VI Concurso de Contos Infantís de O Facho. Responde ás seguintes preguntas e deixa que a túa imaxinación voe alto, moi alto...

▶ Agardabas gañar este premio?

▶ Que tipo de contos che gusta ler?

▶ Que ou quen espertou en ti o interese pola lectura?

▶ Poderías recomendar aos lectores e lectoras máis novos algún libro? Que foi o que che gustou del?

▶ Lembras o título dalgún libro aburrido? Que foi o que che disgustou del?

▶ Non será todo ler... Tes outras aficións? Cales?

▶ Lembras algunha trasnada de cando eras máis nova?

6. Completa con información sobre Xela. Fai despois outra ficha con información sobre ti e faite unha caricatura.

NOME E APELIDOS:

ANO DE NACEMENTO:

LUGAR DE NACEMENTO:

NOME DOS PAIS:

COLEXIOS NOS QUE ESTUDOU INFANTIL E PRIMARIA:

IDIOMAS QUE FALA:



NOME E APELIDOS:


ANO DE NACEMENTO:

LUGAR DE NACEMENTO:


NOME DOS MEUS PAIS:

COLEXIOS NOS QUE ESTUDEI INFANTIL E PRIMARIA:

IDIOMAS QUE FALO:



7. Atopa no texto a información para resolver o encrucillado.



1. Nome do fillo de Xela Arias.
2. Concello da provincia de Lugo.
3. Nome dun dos ideólogos do nacionalismo galego.
4. Concello pontevedrés máis poboado de Galiza.
5. Apelido do galés autor da novela infantil *The Witches*.
6. Cidade de orixe romana máis antiga de Galiza.
7. Apelido do italiano autor da obra *Favole al telefono*.
8. Nome da cidade galega na que se atopa o único faro de orixe romana en funcionamento do mundo.
9. Apelido do escritor brasileiro autor de *O Gato Malhado e a Andorriña Señá: Unha Historia de Amor*.



1. DARIO 2. SARRIA 3. CASTELAO 4. VIGO 5. DAHL 6. LUGO 7. RODARI 8. A CORUÑA 9. AMADO

DARÍO A DIARIO

XELA ARIAS CASTAÑO

Se andas a gatiñas formas a columna
e a planta dos pés;
se te alimentas ao meu peito medras san,
rexo e forte.
Se che falamos con tino, amodo
recompós termos e frases.
Se a luz non é moi forte
descansan os teus ímpetos de neno.
Se tes o ritmo da música has
rimar o aceno dos días.
Se estimulado, crearás o mundo sen que cho impoñan...

Canto sei! e, sen embargo,
que ananez perante tanta novidade
que ti agasallas a cada instante.



ARQUIVO FAMILIAR



Xela Arias, no colo de Amparo, a súa nai, en 1962.

ACTIVIDADES

1. A quen dedicou Xela Arias esta poesía?

ao seu avó

ao seu fillo

á súa irmá

2. Cal é o título do libro onde está publicada?

3. Relaciona cada acción co seu efecto.

Se lle falan

Descansan os seus ímpetos

Se ten ritmo musical

Forma a columna

Se o alimentas

Crearé o mundo

Se a luz non é forte

Recompón termos e frases


Se é estimulado

Medra san, rexo e forte

Se anda a gatiñas

Rimaré o aceno dos días

4. Localiza e colorea os tres sinónimos de **ímpeto**.



5.- Verdadeiro (**V**) ou falso (**F**)?

Se o neno é estimulado creará o seu mundo.

Se se alimenta do peito da nai medrará con ollos verdes.

Andando a gatas forma a columna e as mans.

Vai recompoñendo termos e frases se lle falan con tino.

Se se alimenta do peito da nai medrará san, rexo e forte.

Os seus ímpetos descansan se a luz é moi forte.

6. Que significado cres que ten a palabra **ananez**?

De pouco tamaño e pouca importancia.

De tamaño grande e de moita importancia.



7. E o significado de **agasallar**?

Tratar sen respecto nin consideración, de maneira ofensiva.

Tratar con hospitalidade, cortesía, atención, regalos...

8. Que tipo de texto é o que escribiu Xela Arias?



9. Cal destas frases resume mellor o contido da poesía? Cópiaa.

Xela fala co seu fillo Darío, avisándoo de que se non fai as cousas que se lle mandan non medrará san.

Xela fala co seu fillo Darío, indicándolle como vai ser o seu futuro co tratamento e os coidados que se lle dan.

■

10. Escribe cada palabra onde lle corresponda. Conta as sílabas e repara onde vai colocada a sílaba tónica.

rexo amodo música novidade san
estimulado ananez agasallas columna mundo



11. Completa estes versos do poema de Xela con algunha das palabras do recadro.

**emprego forte ímpetos ilusión columna luz
rexo mazás gatiñas peito descansan san lixo**

Se a _____ non é moi _____ os
teus _____ de neno.

Se te alimentas ao meu _____ medras _____,
_____ e _____.

Se andas a _____ formas a _____.

12. Une cada palabra coa definición correcta.

ananez

andar apoiando as mans

amodo

palabras

termos

enerxía, forza

gatiñas

lentamente



ímpeto

insuficiente, pouco

13. Escribe un título para o poema e que resuma o seu contido.




14. Escribe tres palabras claves extraídas do texto. As que consideres que o resumen perfectamente.




15. Debuxa a solución destas adiviñas. As respostas estás no texto.

Que cousa cousiña é que está no noso corpo e que se forma dereitiña se andas a gatiñas?




Adiviña, adiviñanza que sei que adiviñarás, que cousiña crearás se estás ben estimulado?




16. Imos completar agora a ficha do poema.

TÍTULO	
AUTORA	
TIPO DE TEXTO	
RESUME DO TEXTO	
IMPRESIÓN PERSOAL	

17. Xa sabes como era a portada do libro Darío a diario. Deseña ti unha portada para unha nova edición do poemario.



18. E non podía faltar encrucillado! Resólveo con palabras que aparecen no poema.



HORIZONTAIS

1. Que ten forza, que ten vigor.
2. Movemento ou sinal que se fai coa man, coa cabeza, cos ollos ou con outra cousa para expresar algo sen palabras.
3. Conxunto das vértebras dispostas en fila e articuladas entre si, que forma o eixe do esqueleto dos animais vertebrados.
4. Pouco a pouco, a pouca velocidade, lentamente.
5. En estado de boa saúde, libre de enfermidade.
6. Dotado de forza física, capaz de realizar grandes esforzos.
7. Arte de combinar os sons harmonicamente.
8. Acción ou cousa con que se agasalla.
9. Parte final dos membros inferiores que sosteñen o corpo e se apoian no chan ao andar.

1. REXO 2. ACENO 3. COLUMNA 4. AMODO 5. SAN 6. FORTE 7. MÚSICA 8. AGASALLO 9. PÉS

AS BRUXAS ROALD DAHL

Tradución: Lidia Iglesias Izquierdo e Xela Arias



NA COCIÑA

...

Oín a voz dun home berrando:
-Un rato! Mirade ese noxento rato!
E eu vislumbrei baixo de min unha figura con mantelo e gorro alto e branco, e logo un relampo de aceiro cando o coitelo da cociña asubiou no aire e sentín un trallazo de dor no cabo do meu rabo, e, de súpeto, estaba caendo de cabeza ao chan.

Mesmo mentres corría, sabía o que pasara. Sabía que me tronzaran a beira do rabo e que estaba a piques de esbarrarme contra o chan, e que todos os da cociña virían por min.

-Un rato! -berraban-. Un rato! Collédeo axiña!

Dei contra o chan, púxenme en pé dun brinco e botei a correr para salvar a vida. Por todas partes ao redor de min había grandes botas negras pegando pisotóns, e eu esquiveinos e corrín, corrín, escorrínme, volvinme e revolvinme polo chan da cociña.

-Collédeo! -berraban-. Matádeo! Pisádeo!



Todo o chan estaba cheo de botas negras que intentaban pisotearme e eu evitábaas, xiraba e daba voltas e logo, de puro desespero, apenas sen saber o que facía, buscando só un sitio onde agocharme, subín pola perneira do pantalón dun dos cociñeiros e aganchei ao seu calcetín!

-Eh! -berrou o cociñeiro-. Subiume polo pantalón! Agardade, rapaces! Agora téño!


O home daba palmadas na perneira do pantalón e agora si que ía quedar realmente esmagado se non me movía axiña. Só había un camiño, e era cara a arriba. Cravei as miñas gadoupiñas na peluda perna do home e gaveei cara a arriba, máis e máis arriba, máis aló da canela e do xeonllo cara á coxa.

-Deus -berraba o home-. Está subindo! Sobe pola miña perna! Oín gargalladas dos outros cociñeiros, pero prometo que eu non tiña gana de rir.

...



ACTIVIDADES



1. Le e completa as seguintes afirmacións utilizando unha ou dúas palabras.

- ▶ A historia acontece nunha _____ .
- ▶ O _____ procuraba zafarse despois de que lle cortaran a beira do rabo.
- ▶ Os cociñeiros pretendían agarrar o rato e _____ .
- ▶ O rato buscaba desesperadamente un lugar para _____ .
- ▶ O roedor acabou encarriscando pola _____ .

cociña rato matalo agocharse perna dun cociñeiro

2. Completa coa información do texto.

TÍTULO:
ESCENARIO:
PROTAGONISTA:
ARGUMENTO:
PARTE FAVORITA:

3. O **Itcoieo** _____ é un instrumento dunha folla de metal con fío por un dos lados e unida a un mango, que se usa para cortar diferentes cousas.

Ordena as letras para atopar outros utensilios. Despois arrodeaos na imaxe inferior.

1

A O L I X T

□ □ □ □ □ □

2

R B E D O T A

□ □ □ □ □ □

3

Z P S I N A

□ □ □ □ □ □

4

E D O T E R

□ □ □ □ □ □

5

U L C R N Ó E L

□ □ □ □ □ □


6

R X A E R

□ □ □ □ □ □


U A D R A D A G

□ □ □ □ □ □



1. TIXOLA 2. BATEDOR 3. PINZAS 4. RODETE 5. CULLERÓN 6. XERRA GRADUADA

4. Resolve este encrucillado con verbos do texto en infinitivo.



1. Cortar, partir ou serrar.
2. Perder o equilibrio ou o control de movemente ao pisar ou desprazarse sobre unha superficie lisa ou mollada.
3. Tirar a auga ou o aceite sobrante a unha comida.
4. Evitar algo con habilidade.
5. Subir por unha árbore, parede, etc., axudándose dos brazos e das pernas.
6. Retirarse da vista, pórse nun lugar secreto.

1. TRONZAR 2. ESVARAR 3. ESCORRER 4. ESQÜIVAR 5. GABEAR 6. AGOCHARSE

5. Atopa as palabras que se corresponden coas seguintes definicións na sopa de letras e completa os recadros:

Prolongación da columna vertebral nalgúns animais.

Extremidades inferiores do ser humano.



Articulación do fémur coa tibia.

Un dos ósos que unen o xeonllo co pé.

Pé dalgúns animais con unllas fortes.

Parte das extremidades onde se atopa o fémur.

Parte do pantalón pola que se meten as pernas.



RABO PERNA XEONLLO CANELA
GADOUPA COXA PERNIEIRA

6. O protagonista é un rato. Coñeces outros ratos famosos? Escribe o nome de cada rato na oración que lle corresponde. Despois escribe o nome debaixo de cada imaxe.

**Mickey Mouse – Jerry – Geronimo Stilton
Basil of Baker Street – Stuart Little**




▶ Rato que vive preto do seu eterno inimigo, o gato Tom.

▶ Rato que vive na Illa dos Ratos e que dirixe o xornal *O Eco do Roedor*.

▶ Rato que vive en *New York* cuxo apelido significa pequeno en inglés.

▶ Rato de orellas grandes coñecido en todo o mundo.

▶ Rato detective que vive na mesma rúa na que vivía outro detective famoso, *Sherlock Holmes*.



7. En galego temos moitos refráns sobre o rato, serías quen de completar estes refráns coas palabras dadas?

ratos/gatos	caza/casa	burato/souto
celeiro/herdeiro	luvas/gato	



- ▶ _____ con _____ non pilla rato.
- ▶ Cada moucho ao seu _____ e cada rato ao seu _____.
- ▶ Entrou o rato no meu _____ e fíxose o meu _____.
- ▶ Na casa na que non hai _____, campan os _____.
- ▶ O gato da _____, un día u outro se _____.

Arrodea o refrán que significa: *Xa é hora de irse cada un á súa casa.*

8- Fai un debuxo sobre esta escena e inventa un final.

O home daba palmadas na perneira do pantalón e agora si que ía quedar realmente esmagado se non me movía axiña. Só había un camiño, e era cara arriba. Cravei as miñas gadoupiñas na peluda perna do home e gaveei cara arriba, máis e máis arriba, máis aló da canela e do xeonllo cara á coxa.

*-Deus -berraba o home-. Está subindo! Sobe pola miña perna!
Oín gargalladas dos outros cociñeiros, pero prometo que eu non tiña gana de rir.*

...

Ao final... _____

10. O noso protagonista está rodeado de cociñeiros pero non sabe fritir un ovo. Sen embargo, seguro que todos coñecedes a *Remy*, a famosa rata do filme *Ratatouille* que axuda a Alfredo Linguini, un fregador zoupón, a convertirse nun prestixioso chef.


Poderías ordenar os pasos para facer un prato de *ratatouille*?




Bota un chorro de aceite de oliva virxe extra por enriba das verduras, sal ao gusto, pementa negra e tomiño.	
Coloca a salsa de tomate nun molde.	
Ao cabo desa hora saca o molde do forno, quítalle o papel de aluminio, sube a temperatura do forno a 190°C e introduce de novo o molde.	
Corta os tomates, as berenxenas e as cabaciñas en toros finos.	
Prequeenta o forno a 170°C.	1
Enforna o molde coas verduras durante unha hora.	
Enforna entre 20 e 30 minutos máis e vixia as verduras; estarán listas cando se vexan douradas pero sen chegar a queimarse.	
Coloca as verduras en círculo e de forma alterna no molde que contén a salsa de tomate. Sigue ata cubrir todo o molde.	
Cubre o molde con papel aluminio para que as verduras queden tenras e non se queimen.	

11. O noso protagonista é un roedor. Os roedores representan a rama máis abundante dentro dos mamíferos. Inclúe especies coñecidas como os que aparecen nos seguintes debuxos.


Arrodea as letras que sobran e escribe de forma correcta.




amarmota




eisquío




castoar



brata



porco espioño



lecirón

Escribe coas letras que sobraron o nome doutro roedor e debúxao:

o a i b a c

COBAA

